

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA**

ANUNCIO polo que se convoca o proceso selectivo para cubrir unha praza de técnico/a superior de investigación.

Praza: técnico/a superior de investigación (referencia: FNS-24-TSINV1).

Programa de investigación: Aplicación da intelixencia artificial no sector industrial (FINVALIA).

Modalidade contractual: contrato de actividades científico-técnicas de duración indefinida, a xornada completa, regulado en particular polo artigo.23 bis da Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

As bases do proceso selectivo están expostas na sede do Cesga (avenida de Vigo, s/n, Campus Vida, 15705 Santiago de Compostela) e na páxina web <https://www.cesga.es/gl/transparencia-2/emprego/>

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Todas as notificacións que a partir deste momento se orixinen como consecuencia deste proceso selectivo se farán públicas na páxina web do Cesga.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2024

Lois Orosa Nogueira
Director xerente da Fundación Pública Galega
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

